

Entre as mans e a terra: *Mostra de apeiros de labranza*

Jaime Iglesias González

A X EXPOSICIÓN CEDOFEITA

Un ano máis, o mosteiro de Lérez foi escenario da exposición que, cada mes de agosto, coincidindo coas festa patronais, organiza a Asociación Sociocultural Cedofeita de Lérez. Este ano cumpriu a X edición e, baixo o suxerente título de ENTRE AS MANS E A TERRA, estivo dedicada ós apeiros de labranza. Ó longo dos catro días (5, 6, 7 e 8 de agosto) que permaneceu aberta foi visitada por numeroso público que puido admirar distintos tipos de utensilios que tradicionalmente se usaban nos labores agrícolas e no coidado do gando do noso contorno.



Mostráronse variantes de aixadas, legóns, sachos, picañas, pas, laias, picarañas; puideron observarse diversas clases de forquitas, gallas, gadañas, angazos, ganchas, rodos; tamén se ofreceu unha ampla variedade de fouciños, fouces, podas, podóns, machadas, tesoiras; noutro grupo estaban pezas do carro, xugos, arados, grades, sachadeiras, sementadeiras, escampadeiras, debulladoras; por último, non podían faltar utensilios relacionados coa cría e coidado de animais domésticos. Esta profusión de apeiros, cedidos xenerosamente por unha


trintena de familias de Lérez, estaba acompañada de información complementaria referente ós propios apeiros e ó mundo campesiño: textos literarios, documentos históricos, pinturas e fotografías.

“Entre as mans e a terra, mostra de apeiros de labranza” tentou dar a coñecer útiles usados hogano e antano no agro desta bisbarra e, na medida do posible, tirar deles información sobre a sociedade que os produciu e usou: a súa organización, as condicións do traballo, os recursos económicos e o desenvolvemento tecnolóxico daquelaquela momento. Porque, sen esquecer o aspecto artístico e estético destes tradicionais utensilios, cada un deles leva en si a pegada das circunstancias nas que apareceu, nas que foi manufacturado e nas que se usou.

OS APEIROS SON ENLACES ENTRE AS MANS E A TERRA

Cando o home primitivo descubriu que das sementes nacían novas plantas, deixou de ser recolector e fíxose agricultor. Isto ocorría no Neolítico, hai aproximadamente uns 10.000 anos. A agricultura impúxolle a permanencia nun mesmo lugar porque tiña que esperar a que os culti-





vos cumprisen o ciclo vexetativo para facer a colleita, logo almacenala e mesmo defendela doutras tribos. Daquela, estes homes e mulleres, que ademais comezaran a domesticar animais, abandonaron o nomadismo e fixéronse sedentarios organizándose en pequenos poboados.

Crese que a técnica agrícola máis primitiva consistiu en queimar a vexetación do lugar elixido para cultivar e aproveitar a borrala resultante para cubrir as sementes. Pero este sistema foi superado cando aqueles antepasados descubriron que estas medraban mellor abrindo e removendo a terra para o que probablemente empregaron paus aguzados para escravellar no solo ou curvados que utilizarían como legóns ou arrastrándoos polo chan para faceren elementais sucos. Eran os primeiros apeiros: utensilios que se empregaban para facilitar o traballo agrícola. Lembremos que estes homes xa tiñan unha experiencia, herdada do Paleolítico, na fabricación de útiles de pedra tallada, experiencia que aproveitaron para lograr novos utensilios agrícolas. Tal é o caso dunha especie de fouciño que construían cun pau curvado ó que se lle incrustaban finas lascas cortantes. Desde entón pasaron moitos séculos ó longo dos que o home ideou novos útiles cunha intencionalidade funcional e descubriu novos materiais para fabricalos e novas técnicas para perfeccionalos.


Tamén en Galicia, país de vella tradición agrícola e gandeira, xurdiron apeiros consonte ás necesidades de cada momento e, ademais, os nosos devanceiros asimilaban novidades foráneas como o arado de pau introducido polos romanos ou as aportacións dos cistercienses ó longo do medievo.

Pero en calquera época, os **apeiros teñen a condición de seren eficaces intermediarios entre a vontade dos campesiños, transmitida ás mans, e a terra que recibe a acción destas para realizar o labor agrario desexado**. Así pois, o uso cotián sitúa os apeiros **ENTRE AS MANS E A TERRA**. Mans que os empuñan e os manexan de acordo coa sabedoría e a vontade do campesiño que pretende optimizar a terra e os cultivos que dela se obteñen.

¿OS APEIROS ESTÁN DOTADOS DE ESTÉTICA?

Tradicionalmente a xente do campo alternaba as súas tarefas agrícolas e con certas actividades artesanais, en especial aquelas dedicadas á elaboración de apeiros. Tamén existían artesáns entregados total ou parcialmente a producir apeiros de labranza que, nalgúns lugares do interior de Galicia, chamaban *apeiradores*. Estes artesáns coñecían as necesidades dos campesiños de tal xeito que entre ambos había unha intercomunicación que se materializaba na fabricación de útiles eficaces para facilitar os labores agropecuarios.

Os artesáns, que vendían as pezas nos seus propios obradoiros ou nas feiras locais, falaban coa xente, sabían da súa forma de vida e das súas crenzas e coñecían perfectamente as tarefas agrícolas e gandeiras, polo que podían dar resposta axeitada ás necesidades dos campesiños ofrecendo apeiros prácticos e duradeiros. Ademais, o traballo do artesán-apeirador, dentro das súas limitacións, adaptábase á demanda individualizada do campesiño no



referente ó tamaño e á forma do apeiroy, conseguindo unha maior eficacia do utensilio.

Velaquí que a principal motivación que fai xurdir ou perfeccionar un apeiroy de labranza é a funcionalidade, a utilidade para realizar un labor da forma máis simple e cómoda para o campesiño. Pero ¿carecen de estética os apeiroy? Vexamos algúns aspectos que nos inducen a pensar que nos apeiroy de labranza, ademais da utilidade, pódese atopar proporción, equilibrio, harmonía e outros conceptos que pertencen claramente ó mundo da estética.

É certo que na creación e fabricación de apeiroy, non hai, nun principio, unha pretensión de orixinalidade nin un afán de individualidade e menos aínda unha intencionalidade estética. Máis ca nada, o artesán plasma no apeiroy a sabedoría que herda dos seus antepasados, de tal xeito que en cada peza, máis

ca algo propio, expresa o espírito do pobo, a tradición secular, despois de establecer un diálogo reflexivo sobre o material ou materiais que vai empregar e a función e a forma do apeiroy que pretende obter. Daquela, este pertence ó que se denomina *arte popular* e como tal arte ten, en maior ou menor grao, un contido estético.

Se analizamos calquera apeiroy, podemos ver que na súa forma, nas súas simetrías e no equilibrio das súas proporcións existe unha íntima relación co home e coa natureza que o rodea. O corpo humano, ademais de transmitirle enerxía ó apeiroy, é, en gran maneira, a medida de todo: o que se pode coller coa man, o que se abrangue cos brazos, o que pode cargar na cabeza, o que se adapta ó seu corpo... O resultado é, en moitos casos, unha peza de certo valor plástico comparable ás formas que tradicionalmente son recoñecidas como fermosas, isto é, unha peza con estética.



A apreciación da estética nos apeirosponse aínda máis ó descuberto cando os observamos á marxe da súa utilidade, é dicir, como mostrasetnográficas ou como pezas ornamentais. Aparecennos, entón, cheos de matices cromáticos, estruturais e volumétricos que nos levan a pensar que estamos diante de obxectos cargados de intencionalidade estética, porque intuímos que, cando o home proxecta sobre un apeiro o seu principio ordenador, tenta fundir nel a función e a estética.

Non podemos esquecer, ademais, a multitude de ocasións nas que utensilios do campo foron motivo principal ou secundario de universais obras de arte, en especial na pintura. Por poñer só uns exemplos citemos *O Ánxelus* de Millet, onde aperece unha forquita; *A Sesta* de Van Gogh, cun fouciño; *Paisaxe* de Colmeiro, cun angazo ou *Os escravos do fisco* de Castelao, onde un legón está en plena función.

O valor estético dos apeiros volve a poñerse de manifesto cando son utilizados total ou parcialmente en montaxes escultóricas como as que ten realizado, por exemplo, Ignacio Basallo (Ourense 1952) baixo o influxo da arte abstrac-



ta mesturada coa conciencia da tradición autóctona diferenciadora, podendo, daquela, observalas como individualizadas obras de arte.

Vemos, entón, que nos apeiros podemos adivñar unha estética que levan en si mesmos e que se manifesta en distintos elementos e en diferentes aspectos. Como di Araceli Liste *...cando na confección dun obxecto se acadaa cota máxima da súa funcionalidade, nese momento creouse un obxecto estético (...)* Nos útiles de labor, construídos polo agricultor ou polo artesán, interviu o poder creativo do home, polo que ese apeiro posúe toda unha carga de sensibilidade estética.

